

**Autoinformes 1
IES Salvaterra de
Miño
AC 15-16**




Profesoras 1º ano:

Sonia Telle

Maite Rey

Mary Cleary

Ana González



Autoinforme 1: Aplicación dunha dinámica do Ámbito A

Profesor/a	SONIA M^a TELLE RODRÍGUEZ
Centro	IES SALVATERRA DO MIÑO
Curso e Grupo	2º ESO C

Para conseguir que: a interrelación entre os alumnos, o coñecemento mutuo e a distensión dentro do grupo.	Apliquei a dinámica: a maleta.
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------

Descrición da dinámica aplicada:

A profesora levou un día a os seus alumnos unha maleta na que había obxectos significativos para ela xa que reflectían a súa personalidade. Outro día os alumnos levaron tres obxectos importantes para eles e que mostraban os seus gustos, habilidades, persoas que queren...

Aplicándoa como se aplicou, conseguíuse mellorar ou incrementar a cohesión do grupo?

A actividade realizouse durante a hora de Titoría. Cada alumno, xunto a mesa da profesora, mostraba os seus obxectos e explicaba a importancia que tiñan para el.

Moitos alumnos descubriron facetas dos seus compañeiros que ata ese momento non sabían, e servíu para que un número reducido de alumnos estableceses novos vínculos entre eles. Pero en xeral, non se observou un grande cambio na cohesión do grupo.

Valoración da dinámica aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):

Esta dinámica aplicada considero que é interesante, pero que ten máis sentido e polo tanto pode ser máis eficaz, en 1º da ESO; cando os alumnos comencian unha nova etapa educativa na súa vida e coinciden na aula con moitos compañeiros que ata ese momento eran uns descoñecidos. En 2º da ESO, no curso onde apliquei esta dinámica, moitos dos alumnos xa se coñecen entre eles, e aínda que algúns descubriron novas facetas de algún compañeiro; nunha análise global pódese dicir que non foi de gran éxito.

As dificultades que atopei na realización desta dinámica foron:

- Que varios alumnos non levaron ningún obxeto.
- Moitos alumnos xa se coñecían bastante e por eso moitos alumnos non presentaron moito interese no que dicían os seus compañeiros cando mostraban os seus obxectos.
- O grupo de 2º ESO C é un grupo moi numeroso e molesto, e durante a realización da actividade a profesora tivo que chamar reiteradamente á orde para que o alumno que estaba presentando os seus obxectos o puidese facer sen que ninguén o interrompise.

SONIA

Autoinforme 1: Aplicación dunha dinámica do Ámbito A

Profesor/a	Maite Rey
Centro	IES Salvaterra de Miño
Curso e Grupo	4º ESO C

Para conseguir que: Todo o alumnado participe	Apliquei a dinámica: Grupo nominal
---------------------------------------------------------	----------------------------------------------

Descrición da dinámica aplicada:

Se lles pediu que anotaran o que lles pode aportar o traballo en grupo. Logo de ter pensado durante 5 ou 10 minutos, anotamos no encerado as ideas de cada un comezando por os alumnos menos participativos. Na segunda ronda só interviñeron algúns. Cada rapaz asignou unha puntuación a cada unha 11 ideas que saíron para determinar as que lles parecían máis importantes.

Aplicándoa como se aplicou, conseguíuse mellorar ou incrementar a cohesión do grupo?

Moitos dos alumnos coincidían nas súas aportacións e valoran o traballo en grupo non só por o que lles pode axudar na súa vida académica senón tamén porque aprenden a respetarse e mellora a convivencia..

Valoración da dinámica aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):

Un dos alumnos dixo desde o primeiro momento q o traballo en grupo non lle gustaba nada e que non atopaba nada positivo. Efectivamente non aportou ningunha idea. Puntuounas e recoñeceu que sí que contribuía a todo o que os seus compañeiros dicían pero que seguía sen gustarlle.

Foi positivo para eles ver como coinciden cos seus compañeiros en moitas das ideas, tamén nas que non se lles ocurrían a eles pero que unha vez formuladas lles parecían importantes.

Valoraron máis as aportacións á convivencia que ao rendemento académico.

MAITE

Autoinforme 1: Aplicación dunha dinámica do Ámbito A

Profesor/a	Mary Theresa Cleary
Centro	IES Salvaterra de Miño
Curso e Grupo	2º ESO A

Para conseguir que: Fomentar o respecto mutuo e cohesionar o grupo	Apliquei a dinámica: A maleta
------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------

Descrición da dinámica aplicada:

A profesora propoñe ó alumnado traer e presentar tres obxectos que ten un valor especial na súa vida.
Despois de cada presentación os demais poden facer preguntas.

Aplicándoa como se aplicou, conseguíuse mellorar ou incrementar a cohesión do grupo?

Conseguíuse mellorar o respecto mutuo xa que os alumnos/as escoitaron en silencio as presentacións de seus compañeiros/as e despois fixeron preguntas relacionadas. Dito eso trantándose da aplicación de una só actividade aínda e cedo para valorar si conseguíuse incrementar a cohesión do grupo.

Valoración da dinámica aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):

Dificultades:

1. De 25 alumnos/as houbo 3 que non trouxeron os obxectos.
2. Houbo que animar moito ós máis tímidos á hora de saír a presentar.

Positivo:

1. O máis positivo foi que a maioría do alumnado participou e o fixeron nun clima de respecto e diálogo.
2. Alumnado sen os obxectos pediu repetir a actividade.

Dudas: Que facer co alumnado que non quere participar na actividade.

MARY

Autoinforme 1: Aplicación dunha dinámica do Ámbito A

Profesor/a	Ana González Cabaleiro
Centro	IES Salvaterra de Miño
Curso e Grupo	2º ESO B

Para conseguir que: Maior coñecemento entre os membros do grupo e mellorar a cohesión do mesmo que facilite o traballo en grupo	Apliquei a dinámica: A maleta
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------

Descrición da dinámica aplicada:

Os alumnos e alumnas, así como as profesoras, trouxeron nunha "maleta" tres obxectos que foran especiais para cada un deles e presentáronllos aos demais.

Aplicándoa como se aplicou, conseguíuse mellorar ou incrementar a cohesión do grupo?

Non sei si entre eles aumentou a cohesión pero si notei un cambio de actitude no grupo en xeral, máis positivo, mostran máis atención, están máis relaxados e escoitan máis.
O ambiente da clase mellorou.

Valoración da dinámica aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):

A dificultade foi a actitude inicial, non o tomaron moi en serio, non escoitaban aos compañeiros cando falaban.
Como aspecto positivo foi que foron entrando na dinámica e algúns que ao principio non querían participar ao final si o fixeron.
Chamoulles a atención a participación das profesoras.

ANA GLEZ